

Rosalía e Galicia (I)

Ramón Piñeiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PIÑEIRO, RAMÓN (2011 [1975]). “Rosalía e Galicia (I)”. *Nordés*: 2-3, 27-28.
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/864>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PIÑEIRO, RAMÓN (1975). “Rosalía e Galicia (I)”. *Nordés*: 2-3, 27-28.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROSALÍA E GALICIA (I)

Rosalía, Galicia. Velahí dous nomes que no sentir da xente viñeron case a significar a mesma cousa. Reparemos nos motivos.

En primeiro lugar, a identificación espíritoal, plena e consciente, de Rosalía con Galicia. Con Galicia como pobo e con Galicia como país. Rosalía identificouse *moralmente* co seu pobo e *sentimentalmente* co seu país.

A identificación moral co seu pobo afincou sobre todo no mundo anónimo dos que sofren e traballan e padecen inxusticia en silencio. Dínoelo ela mesma: «Libros enteiros poideran escribirse falando do infortunio que afixe ós nosos aldeáns e mariñeiros, soya e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as suas penas como si fosen miñas...». Así, ao compartir as mágoas de todos e ao erguer a súa voz para os defender da inxusticia, a identificación moral co seu pobo era completa. E tamén recíproca, poisque o pobo decontado percibiu na voz poética de Rosalía a expresión clara e sinxela do seu sentir común e a voz xusticieira que reclamaba respecto para a súa dignidade moral. A forza da sinceridade tiña realizado o milagre de que unha voz personal se convertise na voz auténtica do íntimo sentir colectivo.

Ademáis deste identificación moral co seu pobo, Rosalía identificouse sentimentalmente coa súa terra. Pola radicalidade deste dobre identificación, púdonos dar e darlle ao mundo a primeira imaxe espíritoal de Galicia. Hai, de certo, unha Galicia rosaliana, unha imaxe rosaliana de Galicia. Despois de Rosalía, propios e alleos viron a Galicia de maneira distinta a como se vía antes. O seu espírito, ao realizar a síntese, a unidade de terra e pobo, fundiuse con ela de maneira perenne.

En segundo lugar, Rosalía foi a primeira voz verdadeiramente universal que ten xurdido da comunidade galega. A nosa vida espíritoal era humilde e esquecida, apegada aos lameiros e ás searas, ás veigas e ás serras, aos rueiros e aos adros. E foi ela quen fixo que este mundo humilde e esquecido e mais a lingua en que se expresaba, tamén esquecida e humilde, acadasen súpeta presenza no mundo superior da cultura escrita. Galicia débelle o descubrimento do seu mundo cultural xenuíno e que ese mundo acadase unha dimensión universal a través da expresión poética rosaliana. Deuda inextinguible que Galicia soio pode pagar —e paga— con amor inextinguible.

En terceiro lugar, a voz poética de Rosalía expresaba, coa clara sinxeleza da sinceridade, toda a dor que a vida amosaba aos seus ollos e que viña a se sumar a que ela experimentaba no máis íntimo do seu espírito hipersensible. Tal capacidade para sentir e para expresar a dor impresiona profundamente a sensibilidade popular, que na dor percibe un poder de purificación non igualado por virtude ningunha. Quen sofre fondamente, merece o respecto dos demais; quen sofre poios demais, merece a devoción de todos, santifícase. Ese foi o caso de Rosalía, como se bota de ver nas suas propias palabras: «n'este meu novo libro

preferir, ás composicións que puideran decirse personales, aquelas outras que, con máis ou menos acerto, expresan as tribulacións dos que, uns tras outros e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ó meu arredore ¡E sófrese tanto n'esta querida terra gallega!».

Os lazos espiritoais entre Rosalía e o seu pobo, entre Rosalía e Galicia, trascenden do plano estético e aínda do plano poético. Son lazos de orden moral. Guiada polo seu gran corazón, foi dereitiñamente á realidade sustancial, viva e auténtica do verdadeiro ser de Galicia: o pobo humilde de aldeáns e mariñeiros que traballa, sofre e canta en lingua galega, e a terra verdecente na que ese pobo ten afincadas as suas raíces. A forza da adhesión con que Rosalía se entregou ao seu pobo correspóndese coa forza da adhesión que Galicia sinte por Rosalía.

Mas, unha vez sinalados os lazos morais que identifican a Rosalía e Galicia, é ben que sinalemos tamén os rasgos espiritoais que as distinguen. Na personalidade de Rosalía entran, coma na de todos, elementos diversos. Pertencía ao seu tempo, ao seu pobo, á sua terra ao seu sexo. Era, xa que logo, romántica, galega, fidalga, muller. E alén de todo eso, que compartía con outros seres, quedáballe algo singular, individual, único, algo que a facía ser talmente Rosalía: *a sua maneira de sentir*.

A *maneira de sentir* máis xenuína de Rosalía é o sentimento da dor, que nela é tan sincera e auténtica que chega a ter un verdadeiro valor trascendente. Rosalía olla o mundo e a vida humana a través da dor. A dor é a última, á única verdade: é a sua filosofía. Trátase dunha maneira absoluta de ver e de comprender —de sentir— a realidade esencial da vida. Non é outro o significado máis fondo, máis íntimo, da sua mensaxe lírica. Mais aquí estamos no punto en que compre distinguir entre Rosalía e Galicia, entre a maneira de sentir peculiar de Rosalía e a realidade espiritoal peculiar de Galicia.

Compre evitar a frecuente confusión en que se incurre ao falar indistintamente de *sentimento* e de *dor* cando se quer caracterizar a alma galega, sin dúbida polo inevitable peso da imaxen rosaliana de Galicia. A alma galega é *sentimental*, mas non é dorida. Non ama nin percura a dor, nin tampouco na dor se reconece, se atopa a si mesma. Percura o sentimento, a vivencia íntima, si se quer, mas esta *maneira de sentir*, que é peculiar á alma galega, non hai que a confundir co sentimento da dor, que é a peculiar a Rosalía. Si a nota distintiva da espiritoalidade galega é a capacidade e a intensidade do *sentimento*, Rosalía representa unha polarización desa capacidade: o sentimento da dor. E si é certo que na expresión dese sentimento a alma galega quizais chegou ao límite con Rosalía, tamén é certo que na expresión poética dos demais sentimentos aínda non ten acadado unha expresión de igual rango universal. O noso mundo sentimental non se esgota en Rosalía. Agarda novos xenios poéticos que lle saiban dar a mesma expresión universal que ela lle deu a unha das suas dimensións, a que mellor lle acaía á sua peculiar *maneira de sentir*.